


Lugo: a mellor cidade do mundo!!!

CONVOCAN

ADEGA

Amigos do Patrimonio de Castroverde
Asociación O Carballo
Asociación pola defensa do Parque Rosalía
Club Cultural Valle-Inclán
Federación de Asociacións Veciñais de Lugo
LugoPatrimonio
Rede Galiza Non Se Vende
UNAVE Unión de Asociacións Veciñais de Lugo



estamos preocupados por...

Lugo: a mellor cidade do mundo!!!

Lugo e os lucenses deixamos pasar moitas oportunidades:

AGORA MESMO ESTAMOS A DEIXAR PASAR A OPORTUNIDADE DE FACER UN PLAN XERAL AMBICIOSO E ILUSIONANTE QUE FAGA DA NOSA CIDADE UNHA CIDADE MELLOR: A MELLOR CIDADE DO MUNDO!!!

¿Sabes que está a piques de aprobarse o Plan Xeral (PXOM) con más de 6000 alegacións dos veciños sen contestar e con profundas modificacións que descoñecemos?

Temos exemplos de cidades do noso tamaño que experimentaron unha tremenda mellora grazas ó seu plan xeral e ó impulso dos seus políticos, técnicos e cidadáns: Santiago, Pontevedra, Allariz, Oleiros...

nós, como cidadáns ¿podemos facer algo?

Claro que si: demandando **MOITÍSIMA CALIDADE NO ESPAZO URBANO no CONXUNTO DA CIDADE** (tan importante é Albeiros, Montirón ou As Gándaras como a Praza Maior) e participando pensando no colectivo, no interese xeral de todos nós (non tan só en cómo vai quedar a miña leira ou o meu solar).

¿que propomos?

- ▶ Queremos **transparencia**, intelixencia, sensibilidade e respecto por parte dos que deciden, para que se faga unha cidade agradable e ordenada (non semella tan difícil facelo ben como en Santiago, Pontevedra, etc).
- ▶ Queremos unha cidade **próxima**, amiga, compacta e sostible (limpiemos e ordenemos o que xa temos e medremos con sentido).
- ▶ Queremos que a nosa cidade manteña **a súa identidade**, cos mesmos barrios e o mesmo xeito de vivir neles, mellorándoo: con prazas onde falar co veciño ou veciña, con parques onde xoguen os nenos e nenas, con bibliotecas, garderías, centros cívicos e sociais, espazos para a bici, o deporte e o lecer.
- ▶ Queremos **MOITÍSIMA CALIDADE: URBANISMO** e non especulación. **ARQUITECTURA** e non construcción, ou sexa: **DESEÑO e PLANIFICACIÓN** e non improvisación.

▶ Queremos **que o PXOM asuma o Plan Estratéxico** recollendo equipamentos e infraestruturas que nel aparecían: solo industrial, auditorio, planta de compostaxe, museo da romanización, estación intermodal, soterramento do tren, novas pontes, convivencia co río, comisión de estética urbana...

▶ Queremos un **plan arqueolóxico** que destaque e poña en valor un dos nosos sinais más identificativos.

▶ Queremos un **estudo do medio rural** onde siga primando a súa esencia, e non o que aconteceu con San Fiz (Montirón).

▶ Queremos un **transporte público** e privado equilibrado e respectuoso.

▶ Queremos **protexer** todo o bo que temos e nos fai sentir a gusto na nosa cidade: a muralla e o seu entorno, o casco vello, o río, a identidade dos barrios, as carballeiras, os camiños (o Camiño Primitivo), a importancia das hortas, o respecto polo Parque Rosalía, a preservación do Parque Marcos Cela e unha solución imaxinativa e de calidade para o barrio do Carme.

▶ Queremos o mellor para todos nós: que Lugo sexa **A MELLOR CIDADE DO MUNDO!!!**

¿queres axudarnos?

Xa nos estás axudando lendo isto: grazas. Pero habería que facer algo máis, ¿non si? Cantos máis sexamos mellor, máis fácil será facer ese Lugo que queremos. Non te acomodes, nin te resignes.

anímate e ven!!!

O próximo **XOVES 24, ÁS 20:00 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DO INSTITUTO POLITÉCNICO** (rúa Armando Durán), falaremos do PXOM do ano 1991, do PXOM que está en redacción, de cómo afectaron e afectarán a túa vida e de qué podemos facer para que a situación mude. **GRAZAS: Contamos contigo.**